

17

- ● ● ● ● EXPRESIÓN VERBAL
- ● ● ● ● EXPRESIÓN CORPORAL
- ● ● ● ● CREATIVIDADE
- ● ● ● ● VOCABULARIO
- ● ● ● ● ESCOITA ACTIVA
- ● ● ● ● TRABALLO EN GRUPO
- ● ● ● ● DIFICULTADE

7 ou máis participantes
25 minutos

Xogo de roda

Expresividade. Imaxinación

VAS ANDANDO POLO MONTE... (COMO É O MONTE?)

MATERIAIS

Non precisa materiais.

ESPAZO

Espazo para estar sentados/as en roda.

DESCRIPCIÓN

O monitor ou monitora que leva o xogo propón unha estrutura básica de conto que os participantes deben desenvolver e completar. Estrutura do tipo:

1. Vas andando polo monte. Como é o monte? Que sentes? Como chegaches alí?
2. Ves unhas pegadas. De quen? Que fas? 3. Chegas a unha casa. Como é?
4. A porta está pechada, pero a chave está na pechadura. Como é a chave? Que fas? Entrás? Que hai no interior? 5. Deixas a casa e chegas a un lago. Como é? Que fas? 6. Atravesas o lago e un camiñoño lévate ao final do monte. Que ves?

VARIANTE

No canto de xogar en roda a inventar en conxunto unha historia, pódese realizar unha visualización colectiva cun grupo meirande: todo o grupo xace no chan e o/a facilitador da actividade vai dando pé a que cadaquén imaxine na súa a historia na súa cabeza.

